

BANDO INFORMATIVO

En relación a situación actual da crise sanitaria polo COVID-19 no Concello de Viana do Bolo, esta Alcaldía desexa informar a veciñanza que o Servizo Galego de Saúde vén de comunicar os datos actualizados no número de contaxios, rexistrándose, a día de hoxe un total de 7 **positivos**.

As restriccións adoptadas onte pola Xunta de Galicia, situán a Viana no nivel 3, e son as seguintes:

- Reunións de ata un máximo de 4 persoas non conviventes,
- Mobilidade permitida entre concellos do mesmo nivel.
- Apertura da hostalaría: 30% do aforo en interiores e 50% en terrazas, sen barra e ata as 18:00h

Estas restricións entrarán en vigor a partir do venres 5 de marzo.

Dende o Concello seguimos a estar a disposición das persoas afectadas para todo canto precisen e desexámoslles unha pronta recuperación.

Lembramos igualmente a necesidade de **manter e respectar as medidas de protección habituais**: emprego de máscara, lavado frecuente de mans e distancia de seguridade; así como limitar as reunións fora do grupo de convivencia.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo a 4 de marzo de 2021

O alcalde, Abelardo Carballo Alonso
Documento asinado dixitalmente á marxe

